

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 06.11.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.07 h. do 06.11.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora municipal:

Marta Roca Naveira

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 01.08.2014, do 04.09.2014, da sesión extraordinaria urxente do 29.09.2014, da sesión ordinaria do 02.10.2014 e da sesión extraordinaria urxente do 31.10.2014

De seguido fai uso da palabra o alcalde que advirte que a acta do Pleno ordinario do 01.08.2014, no enunciado do punto 3, onde di "Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 1º trimestre de 2014 ..." debe dicir, "Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 2º trimestre de 2014 ...".

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a acta do Pleno do Pleno extraordinario urxente hai algún erro nas votacións. Así no punto 6 a votación debe reflexar 9 abstencións e non 10, xa que pensa que aínda estaba presente o concelleiro Iván Puentes Rivera, e no punto 7 a votación deber reflexar 9 abstencións e non 10. Tamén pensa que pode haber algún erro nas votacións dos puntos 9 e 10.

O alcalde intervén para dicir que retira da orde do día a aprobación da acta da sesión extraordinaria urxente do 29.09.2014 co obxecto de podela revisar.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que na acta do Pleno ordinario do 02.10.2014, na páxina 6 na súa intervención no punto de Rogos e preguntas onde di: "Os banquiños do campo dos Pinares estaban rotos e presentaban perigo e a solución foi retiralos. Roga que se repoñan.", debe dicir: "Os banquiños do Campo dos Pinares estaban rotos e presentan perigo. Roga que se retiren os cristais".

Ao non haber máis observacións, o alcalde declara aprobadas as actas das sesións ordinarias do 01.08.2014, do 04.09.2014 e do 02.10.2014 e da sesión extraordinaria urxente do 31.10.2014 coas observacións practicadas.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 970/2014 á 1007/2014

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que quere preguntar respecto da Resolución 992/2014 que establece as liñas fundamentais do orzamento do 2015 xa que non se deu conta na Comisión nin na Xunta de Voceiros e pensa que é bastante importante que se fixera un pequeno resumo ao respecto.

Contéstalle o alcalde que di que comprométese a levalo á seguinte Comisión e que o establecemento das liñas fundamentais do orzamento 2015 fíxose para poder achegarlle ao Ministerio a información e que se trata máis que nada de cubrir o expediente.

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta da remisión de rectificación do informe sobre a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite da débeda do orzamento xeral do ano 2014, respecto da regra do gasto

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta da remisión de información do 3º trimestre do exercicio 2014 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que o asunto non foi á Comisión Informativa de Facenda e roga que lles faciliten antes os expedientes para podelos revisar con tempo.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que cando se rematou o expediente xa se fixera a Comisión. É certo que o costume é levalo á Comisión pero neste caso non houbo tempo material para facelo, non obstante a Lei non obriga a ditaminalo.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey di que se non lle dá tempo ao equipo de goberno imaxínese que tempo lle pode dar aos demais.

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, do expediente de aprobación do proxecto de Acondicionamento e climatización ambiental da piscina municipal de Centieiras

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 2 do grupo municipal do BNG), na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada o 28.10.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Fene está inmerso na tramitación dunha subvención nominativa a conceder pola Deputación Provincial da Coruña.

Para a implementación de dita subvención elaborouse o proxecto técnico “Acondicionamento e climatización ambiental da piscina municipal de Centieiras” de setembro de 2014 (RXE núm 9665 de 23.10.2014), asinado polo arquitecto don Isidro López Yáñez. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado favorablemente en data 23.10.2014.

Logo de ver o informe da secretaría municipal de data 23.10.2014 que conclúe “Tendo en conta o sinalado e o informe favorable emitido polo enxeñeiro municipal o 23.10.2014 -no que, entre outras cousas, non se sinala a necesidade de autorizacións sectoriais-, infórmase favorablemente a aprobación do PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E CLIMATIZACIÓN AMBIENTAL DA PISCINA MUNICIPAL DE CENTIEIRAS.”

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación do presente proxecto, en base ao artigo 22.2 ñ) LBRL, ao non estar previstos no orzamento municipal, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto "Acondicionamento e climatización ambiental da piscina municipal de Centieiras" de setembro de 2014 (RXE núm 9665 de 23.10.2014).

Segundo.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

Terceiro.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Cuarto.- Autorizar á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fene, 23 de outubro do 2014
O alcalde-presidente
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo abstívose na Comisión e anuncia que tamén se absterán no Pleno, xa que hai unha discrepancia respecto do proxecto xa que ten moitas dúbidas sobre a situación do ximnasio na piscina xa que pensan que ao pouco tempo de comezalo a usar pensarase en cambiar novamente a ubicación, por razóns físicas, xa que pensan que o primeiro andar non é o sitio máis axeitado para o ximnasio.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que anuncia a abstención.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se absterá.

De seguido intervén o alcalde que di que tanto el como a concelleira de Deportes foron á piscina de Oleiros que é idéntica á de Fene e naquela xa hai anos que trasladaron o ximnasio para o primeiro andar e díxéronlles que non xurdiu ningún problema ao respecto.

A continuación o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que estes días nos xornais leu que Oleiros acadou unha subvención de 500000 euros para o arranxo da piscina.

Seguidamente intervén o alcalde que di que a subvención é para a ampliación do spa e engade que cando foron a Oleiros recibíunos o alcalde e díxolles que a piscina e o ximnasio non tiñan ningún problema de funcionamento.

Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Primeiro. Aprobar o proxecto "Acondicionamento e climatización ambiental da piscina municipal de Centieiras", de setembro de 2014, (RXE núm. 9665 de 23.10.2014).

Segundo. Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

Terceiro. Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes

doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Cuarto. Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."

6. Aprobación, se procede, do expediente de aprobación do Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e os concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 votos en contra do grupo municipal do BNG e 2 abstencións do grupo municipal socialista, na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada o 28.10.2014:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 25.03.2014, con rexistro de entrada 2668/2014, o alcalde do Concello de Fene presenta o "Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferro e os concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo".

O 26.03.2014, con rexistro de entrada 2735/2014, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol achega certificado do acordo, estudo de custos e o borrador dos pregos técnicos.

O 25.03.2014 emite informe desfavorable a secretaría municipal e o 28.03.2014 emite informe a intervención municipal.

O 13.10.2014 ten entrada no rexistro do Concello o informe da Deputación Provincial da Coruña relativo á prestación do servizo de xestión do Punto limpo de Vilar do Colo.

O 24.10.2014 emite novo informe desfavorable a secretaría municipal.

Logo de ver os informes da secretaría do 25.03.2014 e 24.10.2014 e o informe da intervención do 28.03.2014, propónselle ao Pleno do Concello que acorde:

Primeiro. Aprobar o "Convenio de colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferro e os concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL E OS CONCELLOS DE ARES, CABANAS, FENE E MUGARDOS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO

Ferrol, __ de _____ de 2014

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e no seu nome e representación o seu presidente, D. José Manuel Rey Varela, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

O concello de Ares e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

O concello de Cabanas e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente, D. Germán Castrillón Permuy.

O concello de Fene e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente, D. Gumersindo Pedro Galego Feal

O concello de Mugardos e no seu nome representación o seu alcalde-presidente, D. Xosé Fernandez Barcia.

Todos eles facultados polas mesmas disposicións legais

EXPOÑEN

Que o artigo 26.1.b) da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local establece que os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes deberán prestar o servizo de tratamento de residuos. Así o dispón igualmente o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia.

Que o artigo 4º dos estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol establece que a Mancomunidade terá como fins o desenvolvemento das competencias locais en xestión dos residuos sólidos urbanos e outros residuos inertes, entre outras materias.

Que o artigo 57 da citada lei 7/85 permite a cooperación entre as administracións públicas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, e que se desenvolverá con carácter voluntario, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Que o artigo 15 da Lei 30/92 establece que a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades da mesma ou de distinta Administración, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño, materializándose mediante a firma do correspondente Convenio.

Que o artigo 103 da Constitución establece que as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, debendo así pois os entes locais prestar aos seus cidadáns uns servizos de calidade, e optimizando e racionalizando os medios e recursos existentes e dispoñibles para tal fin.

Polo anteriormente exposto, as partes relacionadas no encabezamento, de acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación aos que deben de axustar a súa actuación as administracións públicas galegas; coa fin de dotar aos seus cidadáns dun axeitado servizo de recollida de residuos no Punto Limpo situado no municipio de Fene, coa conseguinte racionalización do seu custe, e en exercicio das competencias que lles son propias, recoñécense plena capacidade para levar a cabo a formalización do presente convenio conforme os seguintes:

ANTECEDENTES

Os concellos de Cabanas e Fene son titulares dun Punto Limpo no Polígono Industrial de Vilar do Colo, situado na rúa F, parcela H2, dentro do termo municipal de Fene, infraestrutura construída pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre terreos pertencentes a ambos concellos, e entregada aos devanditos concellos en decembro de 2013.

Os concellos de Ares e Mugardos non dispoñen de instalacións para prestar aos seus cidadáns o servizo de punto limpo.

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol actúa como instrumento de colaboración dende o que se promoven e vehiculan distintas fórmulas para o desenvolvemento conxunto de proxectos ou a prestación de servizos compartidos.

Os concellos de Cabanas, Ares, Fene e Mugardos acordaron no Pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol establecer de forma conxunta o servizo de punto limpo nas referidas instalacións de Vilar do Colo.

Á vista de canto antecede, as partes asinantes,

ACORDAN

- I. Os concellos de Cabanas e Fene, como titulares das instalacións do punto limpo de Vilar do Colo, encomendan á Mancomunidade a xestión do Punto Limpo de Vilar do Colo.
- II. A Mancomunidade tramitará o expediente administrativo de contratación do servizo e velará polo cumprimento do contrato descrito no borrador de pregos anexo ao presente convenio, cuxo tipo de licitación ascende a 48.048,00 €/ano, cunha duración de catro anos prorrogable como máximo por outros dous.
- III. Os concellos de Ares e Mugardos serán usuarios do servizo e contribuirán ao seu mantemento nos termos abaixo indicados.
- Iç. O servizo será sostido íntegramente polos concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos, de forma proporcional á súa poboación, do que resultan os seguintes importes anuais a partir do tipo de licitación do servizo:

Concello	Poboación (Padrón 2013)	Porcentaxe	Achega
Ares	5801	20,57%	9.884,97 €
Cabanas	3287	11,66%	5.601,08 €
Fene	13639	48,37%	23.241,01 €
Mugardos	5470	19,40%	9.320,94 €
Total	28197	100,00%	48.048,00 €

- ç. Coa fin de axilizar a xestión administrativa dos aboamentos das contías que se deben ao adxudicatario do servizo, a Mancomunidade remitirá, unha vez conformadas polos seus técnicos, dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da súa presentación no rexistro, a cada un dos concellos, unha copia das facturas presentadas co fin de que por parte de cada un dos consistorios, no prazo máximo dun mes, se aboe a súa parte proporcional á Mancomunidade, que deberá, pola súa banda, aboar ao contratista no prazo legalmente establecido.

O incumprimento, por parte dun concello, da súa obriga de aboamento da contía correspondente, no prazo anteriormente sinalado, suporá a asunción, pola súa banda, dos danos e perdas económicos que para o contratista e para a outra entidade asinante se poidan irrogar.

Así mesmo, conforme o Art.19.3 dos Estatutos da Mancomunidade, no suposto de que algún concello se atrase no aboamento da cota máis dun trimestre, o presidente da Mancomunidade poderá dirixirse á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos do municipio debedor e o seu ingreso na facenda da Mancomunidade, de acordo co disposto no artigo 148 da Lei 5/1997, do 22 de xullo. Transcorrido o devandito prazo sen facerse efectiva a débeda, o presidente da Mancomunidade poderá solicitar do delegado da Administración tributaria da provincia, ou do órgano competente da Xunta de Galicia, o pagamento da contribución do concello debedor con cargo ás participacións en impostos liquidados que lle correspondan.

Os Concellos asinantes comprométense a incluír as respectivas achegas económicas derivadas do presente convenio nos orzamentos municipais para os exercicios afectados.

- çI. Por acordo de todas as partes e mediante o procedemento oportuno, o convenio poderá modificarse para incorporar outros concellos como usuarios do servizo.
- çII. Para o impulso, seguimento e control das actuacións obxecto do presente convenio de colaboración, así como para a interpretación do mesmo, constituirase un Comité de Seguimento coa seguinte composición e funcións:
 1. O Comité de seguimento estará composto por un representante de cada parte. Os membros serán os que designen cada unha das partes ao efecto.
 2. O Comité de seguimento realizará as seguintes funcións:
 1. Comprobar que as actuacións emanadas da aplicación deste convenio se axustan aos obxectivos do mesmo.

2. Resolver as incidencias que xurdan do desenvolvemento do Convenio.
3. Asegurar o adecuado intercambio de información entre as administracións participantes.

O propio Comité determinará as súas normas de funcionamento e periodicidade das súas reunións, poidendo ser convocadas por calquera das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento deste Comité serán de aplicación as normas sobre Órganos Colexiados previstas no Capítulo II do Título II da Ley 30/1992 de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

- çIII. A presente encomenda implica exclusivamente a realización do servizo definido nos pregos anexos a este convenio, e non supón a cesión da titularidade do punto limpo.

Os concellos de Cabanas e Fene, en tanto titulares do punto limpo e administracións encomendantes, son responsables da supervisión do servizo. A estes efectos, cada un destes concellos asignará un técnico que supervisará o desenvolvemento do servizo incluído o mantemento das instalacións, e colaborará activamente coordinándose co persoal da Mancomunidade e o da empresa adxudicataria.

- IE. O presente convenio surtirá efectos dende a data da súa firma e a súa vixencia coincidirá coa do contrato do servizo de xestión do punto limpo.

- E. O presente convenio de colaboración poderá ser modificado, a proposta do Comité de Seguimento, mediante a subscripción do oportuno Acordo de Modificación, formalizado antes da finalización da duración do mesmo.

- EI. Serán causas de resolución anticipada do presente Convenio as seguintes:

O mutuo acordo das partes que o subscriben
A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O incumprimento, sempre que sexa esencial, de calquera das súas cláusulas.
A denuncia de unha das partes cun preaviso de tres meses

A resolución enténdese sen perxuízo da indemnización dos danos e perxuízos que corresponda, no seu caso, á parte perxudicada pola resolución.

- EII. O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que xurdan na súa execución serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

- EIII. O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas partes ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, as partes asinan o presente convenio por sextuplicado exemplar e a un so efecto no lugar e data indicados no encabezamento

Pola Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol:	Polo concello de Ares:
Asdo.: José Manuel Rey Varela	Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo
Polo concello de Cabanas:	Polo concello de Fene:
Asdo.: Germán Castrillón Permuy	Asdo.: Gumersindo Galego Feal

Polo concello de Mugardos:

Asdo: Xosé Fernández Barcia

Segundo. Proceder á publicación do convenio no BOP, logo da súa sinatura.

Fene, 24 de outubro de 2014

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o alcalde que lembra que logo de que foi rexeitado este expediente no Pleno, solicitóuselle un informe á Deputación Provincial que establece unha serie de premisas. O informe da secretaría continúa sendo contrario, non obstante o grupo de goberno ten a intención de seguir adiante con este proxecto.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que pensaba que o asunto se incluía na orde do día porque se solventaran os problemas que tiña, porque para estar na mesma situación xa non entenden nada, pois vaise someter o asunto á mesma votación que xa tiveron, polo que o grupo de goberno non pode esperar un resultado diferente. Pedíuselle un informe á Deputación sobre a competencia, algo que non é responsabilidade municipal, tardan meses en contestar e fan un informe para dicir o que xa sabían naquel outro Pleno, que é necesario que lles autoricen para facer isto. A maiores a Deputación informa que a competencia a pode asumir pero que non ten capacidade para a súa xestión, pero séguese pendente de acreditar que a xestión mancomunada é máis barata que a xestión individual de cada un dos Concello, extremo que non dubida de que sexa así pero en todo caso, hai obriga de acreditar isto e a lóxica é que debían preocuparse de cumprila, sobre todo porque é totalmente salvable o requirimento feito e así ben podía terse feito nos meses que se tardou en volver traer o asunto. O proxecto segue a ter os mesmos problemas que xa sinalou a secretaría municipal e que seguen sen solventarse, cousas importantes e doadas de solucionar, así ten que estar claro quen vai ser o encargado de fiscalizar á empresa de servizos, sobre todo para saber quen é o responsable e que a empresa non poida poñer pegas ante os problemas que poidan xurdir, porque esta canso de ver como as Administracións se quedan nas maos de empresas sen poder decidir, algo que xa ten pasado nesta casa e que o alcalde xa ten dito algunha vez, por iso entráñalle que o alcalde vexa problemas nos contratos asinados hai anos e agora non vexa este. Hai que previr que os contratos que asine o Concello non signifiquen que os veciños quedan nas maos das empresas privadas senón que signifiquen que a xestión externa estea perfectamente controlada por parte da Administración e que se saiba exactamente cales son os procedementos a seguir no caso dalgún fallo. Tampouco se sabe como vai funcionar o Punto Limpo, non se di en ningunha parte. Por todo isto non poden aprobar esta proposta tal e como a presentan porque é a mesma proposta que se presentou hai meses sen corrixir nada, a pesar de ter enriba o informe da Deputación que sinala que aínda faltan trámites por facer e o informe da secretaría que di que non é correcto. Para poder aprobar o proxecto hai que facer os deberes e por todo isto o voto do seu grupo non vai cambiar e será negativo, aínda que presenten a mesma proposta 3 ou 4 veces, así as cousas van saír por facer as cousas ben máxime nos tempos nos que estamos no que Estado de Dereito está a sufrir por ter este tipo de lixeirizas.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se non lembra mal o que se rexeitou no seu día foi a urxencia do asunto e non o convenio. A marxe diso, o seu grupo ten que repetir os mesmos argumentos que deu no seu día, o problema é que hai uns informes técnicos desfavorables precisamente porque fan referencia a unha Lei aprobada polo PP que limita completamente a autonomía das Corporacións Locais. Hai un responsable e haberá que protestarlle a ese responsable por isto. Por riba, o informe da Deputación sinala que o regulamento desa Lei está sen aprobar, se fixo unha Lei hai meses e non se desenvolveu polo que non se sabe como facer, hai unha inseguridade xurídica total non só para a Corporación de Fene senón que tamén para todos os Concellos, tal é así que que a propia Deputación no seu informe non di nin si nin non. Por todo isto vanse abster, porque non se reúnen as condicións necesarias e porque non conta cos informes favorables.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o dito e entende que a proposta é igual á presentada hai uns meses e quere garantías e seguridade de que non vai ter consecuencias logo de aprobarse e pensa que as cousas deben ir ben feitas.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que mantén o dito, cree que o punto fundamental é precisamente aprobar isto para que volva á competencia á Mancomunidade de municipios da ría á quen xa cedeu as competencias os Concellos de Ares, Mugardos e Cabanas e están á espera polo Concello de Fene. Pensa, respecto do informe da Deputación, que si se podería levar unha tramitación paralela para dar cumprimento ás esixencias, económicas sobre todo, no senso de facer ver á Deputación que o feito de mancomunar o servizo vai reverter nun mellor servizo e moito máis barato e isto non o ten que acreditar Fene porque Fene non vai ser quen adxudique e quen leve adiante toda a tramitación do Punto Limpo, xa que o único que se pretende facer é ceder a competencia á Mancomunidade. Se isto non sucede hai que volver a pensar en retirar o Punto Limpo da Mancomunidade, que o xestione Fene e Cabanas e darlle entrada a Ares e Mugardos vía convenio.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que sería interesante incluso que o Concello de Cabanas delegue en Fene, para que non ocorra continuamente nos proxectos que se fan conxuntamente que sempre teñen trabas. Por outro lado di que Ares e Mugardos están esperando por Fene pero o informe da Deputación tardou o que tardou.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación por non acadar maioría absoluta necesaria, por 6 votos a favor do grupo municipal do PP, 1 voto en contra do grupo mixto municipal e 10 abstencións (5 do grupo municipal socialista e 5 do grupo municipal do BNG).

7. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial núm. 6/2014

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións, (1 do grupo municipal socialista e 2 do grupo municipal do BNG), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 27.10.2014:

*"PROPOSTA DA ALCALDIA
ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 6/2014 .*

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 14 de outubro de 2014 polo que se incoa o presente expediente.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 6/2014 por un importe total de 3506.30 € e que transcrito di:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno nº 6/2014

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BÁSICA

-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-(RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

-(LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.

-(TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reunido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.

-Real Decreto 1619/2012 que regula o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.

-Bases de execución do orzamento do exercicio 2014.

ANTECEDENTES

Con data de 15 de outubro, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Pleno da Corporación ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía.. O importe total ascende a 3506.30 €.

A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.*
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.*
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.*

Terceiro.- Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa "Teoría do enriquecemento inxusto", pola que "no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades."

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

"...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"

Cuarto.- Enriquecemento inxusto da Admnsitración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servicio debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servicio executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados. Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxuício económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 31ª de BE/14, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que "1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxeto de recoñecemento extraxudicial".

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existía crédito disponible ou suficiente para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter previo á tramitación do presente expediente expediente modificativo de crédito co fin de habilitar crédito para este fin , polo que o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o plenode conformidade co previsto nas BEO/14 . Así a BEO 31ª determina que:

"1.4. O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno esixe os seguintes trámites:

- a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.*
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.*

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa realizada polo Alcalde, sobre os seguintes extremos:
 - Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.
 - Data ou período de realización.
 - Importe da prestación realizada.*
- b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.*
- c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do Alcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.*

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria: Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC, no seu caso.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO., o que implica que efectivamente o gasto foi realizado.

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial nº 6/12 é de reparo sen efectos suspensivos en relación coas facturas que se detallan no apartado de observacións do presente informe.

Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na lexislación vixente, entre outras: o artigo 60 do TRRL dispónse que:

"Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder."

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

"1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

3. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella."

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

"Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella."

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 176 e seguintes LXO; no artigo 176 da citada Lei establécese que:

" Las autoridades y demás personal al servicio de las entidades contempladas en el artículo 2 de esta ley que por dolo o culpa graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta ley, estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública estatal o, en su caso, a la respectiva entidad los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder. "

*Económico -Orzamentario

Derivado de que os gastos corresponden ó exercicio 2013 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real.

*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

OBSERVACIONES

-Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos, debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo as seguintes facturas :

1/Factura de Gas Natural Servicios SDG, SA por importe de 686.08 € e 588.85 € en concepto de suministro de electricidad para instalación deportivas municipais meses de outubro, novembro e decembro de 2013.

Nestes casos consta únicamente as facturas conformadas polo concelleiro responsable, obviándose (tendo en conta os importes dos contratos) a realización dos trámites para a preparación e adjudicación dos contratos. En definitiva, atopámonos ante unha mera contratación verbal carente de procedemento pero non de consecuencias. Recordemos que, a TRLCSP no seu artigo 28 relativo ó carácter formal da contratación do sector público que determina que " Los entes, organismos y entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 97,1, carácter de emergencia". Admitido pois que estamos ante unha contratación verbal esta debe ser conxugado co principio de enriquecemento inxusto da administración e que implica a necesidade de que o concello quede obrigado ó pago das prestacións recibidas.

Por outra banda, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.

De todo o anterior, pode concluirse que:

- O concello procedeu á contratación verbal destes servicios, contratación que se atopa prohibida polo TRLCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Por outra banda, e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de estabilidade orzamentaria e control do gasto. A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa.

Fene, a 15 de outubro de 2014
A Interventora
Marta Roca Naveira."

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizan, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2014 non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos o que implica que ó tratarse de facturas dos exercicios anteriores e sen crédito a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Concello-Pleno.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de FAcenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 6/14 por un importe total de 3506.30 €.

2º A conseguinte aprobación, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/2014/56	13/01/2014	2744	31/12/2013	100,19	B15794209	JM IC NOROESTE, S.L.	REPARACION CINTURON DE ARRASTRE DE IMPRESORA-FOCOPIADOR A OFICINAS	920	21690

F/2014/ 1115	26/03/201 4	FE143 21141 78792 0	19/02/2014	686,08	A08431 090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA PAVILLON DO RAMO DO 26.10.13 A 26.11.13.	342	22190
F/2014/ 1394	05/05/201 4	0029/ 13	14/06/2013	1780.00	G15924 558	SOCIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI	PROGRAMA VACACIONS EN PAZ 2013	231	22790
F/2014/ 1116	26/03/201 4	FE143 21141 78792 1	19/02/2014	588,85	A08431 090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA PAVILLON DO RAMO 27.11.13 A 23.12.13.	342	22190
F/2014/ 1539	27/05/201 4	284	21/05/2014	351,18	B82387 176	ARRIVA	SERVIZO TRANSPORTE O CEMITERIO MUNICIPALOS SABADOS DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2013	164	22799

3º.-Aprobar a ordenación do pago da relación de facturas relacionadas no apartado anterior.

En Fene, a 15 de outubro de 2014
O ALCALDE
Asdo. Gumersindo P. Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase dun expediente que inclúen facturas do ano pasado que tiveron entrada neste ano.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que van facilitar a aprobación do expediente coa súa abstención. Entenden que os servizos foron prestados e polo tanto hai que pagalos e para que non haxa un enriquecemento inxusto. Non o van votar favorablemente porque hai unha serie de reparos por parte da intervención municipal e por cousas que o goberno dixo que ía solucionar, xa que se cansaron de facer responsables aos anteriores gobernos de que había contratacións sen que seguisen todos os procedementos e aquí están novamente diante do goberno do PP, logo de máis de 3 anos, con contratos que non seguen o procedemento. Igual daquela non era tan doado de facer e quen non tivo a consideración no seu día non merece hoxe a aprobación.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que anuncia a súa abstención para favorecer a súa aprobación.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se vai abster.

Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ao expediente de recoñecemento extraxudicial núm. 6/14 por un importe total de 3506,30 euros.

2. A conseguinte aprobación, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación de acordo co detalle que se adxunta a continuación:

Núm. de Entrada	Fecha	Núm. de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/2014/56	13/01/2014	2744	31/12/2013	100,19	B15794209	JM IC NOROESTE, S.L.	REPARACION CINTURON DE ARRASTRE DE IMPRESORA-FOCOPIADOR A OFICINAS	920	21690
F/2014/1115	26/03/2014	FE14321141787920	19/02/2014	686,08	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA PAVILLON DO RAMO DO 26.10.13 A 26.11.13.	342	22190
F/2014/1394	05/05/2014	0029/13	14/06/2013	1780.00	G15924558	SOCIEDAD E GALEGA CO POBO SAHARAUI	PROGRAMA VACACIONS EN PAZ 2013	231	22790
F/2014/1116	26/03/2014	FE14321141787921	19/02/2014	588,85	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA PAVILLON DO RAMO 27.11.13 A 23.12.13.	342	22190
F/2014/1539	27/05/2014	284	21/05/2014	351,18	B82387176	ARRIVA	SERVIZO TRANSPORTE O CEMITERIO MUNICIPAL OS SABADOS DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2013	164	22799

C.I.F.: P-1503600-G

3. Aprobar a ordenación do pago da relación de facturas relacionadas no apartado anterior.

8. Mocións urxentes

8.1 Declaración institucional dos grupos políticos do Concello de Fene no Día Internacional para a eliminación da Violencia de Xénero

A continuación intervén o alcalde que xustifica a urxencia porque o día internacional será o 25 de novembro, antes do seguinte Pleno ordinario.

Por unanimidade dos concelleiros presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día da seguinte declaración institucional dos grupos políticos do Concello de Fene, á que o alcalde dá lectura:

”

DECLARACION INSTITUCIONAL DOS GRUPOS POLITICOS DO CONCELLO DE FENE NO DIA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACION DE VIOLENCIA DE XENERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista constitúe o máis cruel expoñente da falta de igualdade na nosa sociedade e un dos ataques máis flagrantes aos dereitos fundamentais das persoas implicando un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade mais xusta e igualitaria.

Compete aos poderes públicos a loita para a prevención e a erradicación da violencia de xénero, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Polo tanto, resulta fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero.

Pola sua banda os Concellos teñen entre as suas funcións a realización de actuacións e prestación de servizos dirixidos especificamente ás mulleres, para fomentar o principio de igualdade e levar a cabo actuacións e programas para a prevención e erradicación da violencia exercida sobre as mulleres.

E necesario mellorar a resposta institucional e a posta en marcha de novas medidas para abordar de un xeito cada vez máis eficaz este problema.

E necesario que a coordinación da Xunta de Galicia se extenda ao ámbito municipal, favorecendo medidas de coordinación a través da posta en marcha e dinamización das Mesas Locais de Coordinación contra a Violencia de Xenero nos municipios de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as entidades implicadas en este obxectivo común.

Tanto a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero, e para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social, e establecen que a Administración autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

Por todo o anterior, o Concello de Fene ACORDA:

- 1.- Solicitar da Administración de Xusticia o rápido e riguroso cumprimento das medidas preventivas e de salvagarda dos dereitos da persoa que sofre violencia e que deben acompañar a calquer resolución xudicial que conteña unha condeá.
- 2.- Instar a Xunta de Galicia a que o Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xenero sexa unha realidade e preste os seus servizos según a Lei galega 11/2007 para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.
- 3.- Instar a Xunta de Galicia a impulsar os órganos consultivos e de participación da Lei 11/2007, definindo a estratexia no ámbito da sensibilización e da prevención da violencia de xénero.
- 4.- Instar a Xunta de Galicia a reforzar os servizos de atención os menores, vítimas directas e indirectas da violencia de xenero, na sua atención e recuperación, así como a abonar as axudas previstas na lei da forma mais axil e que permita a sua atención inmediata.
- 5.- Instar á Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a apoiar a creación, activación e dinamización das Mesas Locais de Coordinación Contra a Violencia de Xénero a través da elaboración dun Regulamento de organización e funcionamento para acadar unha mellor coordinación interinstitucional, entre as Administracións central, autonómica e local.
- 6.- O Concello de Fene acorda constituir unha Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de Xénero como un instrumento esencial e operativo de coordinación na loita contra a violencia machista.

7.- Dotar a correspondente partida presupostaria nos orzamentos do Concello do ano 2015 para os gastos que poidera xerar a constitución da mesa local.

ROCIO BERTO A PUENTE
PP

ANTON NOCEDA CARBALLO
PsdeG

JUVENTINO TRIGO REY
BNG

M. CARMEN MARTINEZ RODRIGUEZ
IU"

Sometido o asunto a votación foi aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Solicitar da Administración de Xustiza o rápido e rigoroso cumprimento das medidas preventivas e de salvagarda dos dereitos da persoa que sofre violencia e que deben acompañar a calquera resolución xudicial que conteña unha condena.

2. Instar a Xunta de Galicia a que o Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xénero sexa unha realidade e preste os seus servizos segundo a Lei galega 11/2007 para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

3. Instar a Xunta de Galicia a impulsar os órganos consultivos e de participación da Lei 11/2007, definindo a estratexia no ámbito da sensibilización e da prevención da violencia de xénero.

4. Instar a Xunta de Galicia a reforzar os servizos de atención os menores, vítimas directas e indirectas da violencia de xénero, na súa atención e recuperación, así como a abonar as axudas previstas na lei da forma mais áxil e que permita a súa atención inmediata.

5. Instar á Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a apoiar a creación, activación e dinamización das Mesas Locais de Coordinación Contra a Violencia de Xénero a través da elaboración dun Regulamento de organización e funcionamento para acadar unha mellor coordinación interinstitucional, entre as Administracións central, autonómica e local.

6. O Concello de Fene acorda constituír unha Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de Xénero como un instrumento esencial e operativo de coordinación na loita contra a violencia machista.

7. Dotar a correspondente partida presupostaria nos orzamentos do Concello do ano 2015 para os gastos que puidera xerar a constitución da Mesa Local.

9. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- O principal órgano de debate do Concello é o Pleno ao que se deben traer os puntos e as cuestións que preocupan á veciñanza. Dende hai uns 15 días as veciñas e veciños de Fene teñen un grave problema derivado dunha decisión inxusta por parte do goberno do Estado e correspondida por parte do goberno local pero aquí non se fala do tema. Fala do procedemento de regularización catastral e roga que a semana que vén pola tarde, coa presenza das entidades veciñais se convoque un Pleno extraordinario para abordar a problemática do catastro e as decisións que o Pleno teña que tomar respecto desta decisión que está a afectar a maior parte das veciñas e veciños. Espera que o rogo se cumpra e que os grupos da oposición non teñan que facer uso das competencias que lles dá a lexislación para facer esta petición.

- En relación co asfaltado da rúa da Fraga di que este revisouse ao pouco tempo de facer as obras polo mal estado que presentaban. Roga que se volva actuar e que se volva contactar coa Deputación xa que hai zonas nas que se volve levantar o asfalto. Semella que hai un problema estrutural na obra e que non eran desprendementos localizados ou puntuais.

- Roga que cando se volva organizar unha carreira popular se avise a todos os veciños e veciñas dos cortes de circulación, xa que recibiron queixas de varios veciños e veciñas que cando quixeron saír das súas casas non podían facelo.

- Roga que se preste máis atención na cesión dos espazos municipais ás entidades para que non volva haber un acontecemento tan desagradable como o acontecido pola incompatibilidade das clases de ioga e zumba, xa que hai que ter en conta que se non hai locais insonorizados as dúas actividades xuntas son incompatibles.

- Roga que se volvan prestar atención ás beiravías fronte ao centro de saúde do Tarrío xa que logo da súa reparación unha parte delas seguen en mal estado.

- Roga que presten atención ás fincas urbanas do centro de Fene, incluso ás que están a 100 ou 200 m. do Concello e están cheas de maleza, como a que hai na avenida Naturais preto do semáforo que chama a atención.

- Roga que se limpe a ribeira do río Abelleira. O seu grupo xa o ten pedido dende hai un ano e logo tamén llo pediron algún veciños.

- Roga que a marquesiña da Gándara, na parroquia de Sillobre, se arranxe, xa que é unha das que está en mal estado e é usada habitualmente por escolares. Tamén roga que se limpe de maleza. Contéstalle o alcalde que xa hai máis dun mes que se rozou o lugar. O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que nese caso retira o rogo.

- Os veciños de Pedre e a Picota seguen pendentes de que pase o camiño do lixo. É certo que hai problemas que dificultan ao camiión a subir esas pendentes pero roga que se estuden novas alternativas ao trazado.

- Roga que na rúa Cañotas, na que se puxo dirección única, tería máis sentido a colocación dun sinal de sentido preferente que facilitaría a circulación na zona.

- Roga que se axilice o máis posible a poda das árbores xa que en pouco tempo haberá as dificultades propias da caída da folla.

- Roga que o goberno do Concello de Fene consensúe, na medida do posible, a súa posición respecto do futuro de Navantia cos representantes dos traballadores. Entende que é bo que haxa iniciativas que avalíen unha solución pero serán mellor si se camiña xuntos como viña sendo tradición no Concello co resto dos axentes sociais.

- En relación coa reforma da Praza Verde e co cambio dos taxis de zona, roga que se estude a posibilidade de ampliar o parque infantil á zona que queda libre.

A continuación intervén o alcalde que di que toman nota dos rogos, que intentarán facer o que non este feito xa que moitos cousas xa están feitas e outras son recorrentes.

- Cando a oposición pide unha información, as solicitudes van á alcaldía e pasa ata unha semana sen que ningún funcionario reciba ningunha instrución para contestalas, incluso con documentos localizados e que non se tardaría nin 5 minutos en dispor deles. ¿Cal é o trámite que seguen habitualmente as solicitudes que fai a oposición cando piden documentación?, ¿parécelles normal que as solicitudes pasen unha semana na alcaldía sen que ningún funcionario reciba instrucións para atendelas?.

Contéstalle o alcalde que o trámite que se fai é o mesmo que utilizou o PSOE e o mesmo que se utilizou neste Concello de sempre. As peticións de información entran por rexistro e envíanse á alcaldía, e dependendo do tipo de información que se precise se envía ao departamento correspondente. Hai documentación que se pode atender nun día, outras nunha semana e outras, como por exemplo as que solicitan información dun plan de urbanismo non se poden atender nos

tempos que vostede di, entre outras cousas porque sabe que cando pide documentación e segundo o regulamento di que se dará sempre e cando a petición non paralice o funcionamento normal da Administración. Dille que o outro día solicitou unha información rápida e pensa que así a tivo para este Pleno, dispón dela dende o luns.

- Na Fonte do Bispo en Barallobre o tractor que está a rozar fixo algúns estragos, ¿hai pensado facer algunha actuación para recuperar á fonte ao seu estado natural?
Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Paíncieras, que di que pasará mañá a ver a zona pero pensa que xa está arranxado.

- En relación cunha obra colindante á nave de Salvamento Martítimo, ¿dispón de licencia?, de ser que si, ¿a execución correspóndese coa licenza concedida?
Contéstalle o alcalde que pensa que se refire a uns movementos de terra que hai baixando á dereita, antes da nave. Esa parcela corresponde a Cabanas.

- ¿Que novidades hai respecto dos pasos elevados e soterrados da vía de Perlío?
Contéstalle o alcalde que non hai ningunha novidade.

- ¿Hai xa previsión do custe do alumeado de nadal?. Quere saber o custe e as características cara a evitar as incidencias dos apagados non programados da rúa Casado.
Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que como outros anos pedirase ofertas a distintas empresas con solvencia técnica acreditada

¿Hai algunha novidade respecto do PXOM?
Contéstalle a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, que como xa dixo no anterior Pleno estase á espera do cambio de lexislación da Xunta de Galicia. Recentemente viuse nos xornais as liñas que a Xunta de Galicia vai seguir e o que o goberno municipal pretende evitar é tramitar un PXOM que poida ter unha contradición coa normativa que vai entrar en vigor.

- No anterior Pleno o goberno dixo que o proxecto de soterramento do río Cádavo superaba amplamente o orzamento inicial de 200000 euros que se vai a 1 millón de euros e que os motivos económicos non son os que impiden que se lle dea unha solución máis razoable e que o río vaia por superficie, ¿seguen mantendo a súa posición de somerxer e enterrar novamente dominio público?
Contéstalle o alcalde que se están facendo, novamente, xestións con Augas de Galicia e dille que se o proxecto que ten o seu goberno non lles satisface poden propoñer unha alternativa, xa que a oposición tamén ten que ser construtiva. O seu goberno sempre propuxo levantar a rúa e facer un canal por debaixo para evitar a tubaría. O PSOE sempre propuxo que o río fose ao aire, entón suprimiríase a rúa, por iso pensa que isto tería que ter unha explicación de como quedarían os servizos aos veciños. Remata dicindo que o asunto estase a tratar con Augas de Galicia e seguramente ao longo da semana que vén o asunto achegaráselle á delegada da Xunta de Galicia para ver este e outros temas.

- Este Pleno está cheo de incidencias e olvidos, esqueceron a entrega da documentación dunha subvención de Igualdade e perdeuse. Esquecen levar á Comisión unha Declaración Institucional e hoxe, no Pleno, houbo que facer unha chapuciña rápida e correndo, o concelleiro de Facenda esqueceu levar á Comisión un camiño e houbo que facer un remendo noutras Comisións para poder tratalo no Pleno..., ¿parécelle que se governe un concello en base a olvidos de todas as Áreas?, ¿é normal ter un equipo que se esqueza de tantas cousas?
Contéstalle o alcalde, respecto dos olvidos das subvencións, que sabe a que se refire e se iso foi así entoara a súa culpa, pero pensa que iso tivo os seus motivos e as súas xustificacións que non procede dar agora neste Pleno. En relación dos olvidos e das presas di que cando estaba na oposición o seu xeito de traballar era o mesmo e non entende que lle reprochan agora, así lembralle o que se viviu neste Concello co Plan E.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Hai moitos meses que deu un traballo de axuda a domicilio a unha empresa, no seu momento preguntaron, logo de ver algúns informes desfavorables respecto da empresa Sociser, e lembra que foi por algo relacionado co IAE que non era correcto. Agora souberon, non polo equipo de goberno,

que en breve a concesión que tiña esa empresa pasa para outra, Eulen. ¿Porque se produce este cambio que semella que se vai facer de inmediato e non se informou a ninguén da oposición?.

Contéstalle o alcalde que houbo unha mesa de contratación á que o BNG non asistiu e naquela mesa e no expediente consta toda a documentación. Vostedes decidiron non participar na mesa de contratación pero teñen o expediente para consultalo, se queren, mañá pola mañá. A licitación resúmese en que a mellor oferta presentada foi á da empresa Sociser, que é a que actualmente de xeito verbal está prestando o servizo. Secretaría detectou que non existía a alta no IAE e que era obriga da empresa estar de alta no IAE neste Concello, á raíz disto, incoouse un procedemento para anular a adxudicación a Sociser e que incorría en prohibición para contratar por manifestar que estaba ao corrente nas súas obrigas tributarias e de alta no IAE e non era así. Iniciado ese procedemento a empresa presentou unha consulta vinculante de Facenda conforme non tiña esa obriga por non ter establecemento aberto no Concello. Ao último desta tramitación, que xa é longa, a empresa presentou unha renuncia á adxudicación ao contrato co cal pasóuselle o contrato á segunda empresa clasificada que é a empresa Eulen.

A concelleira de Servizos Sociais Juana Barro Couto di que deu conta na Comisión de Cultura xa que o martes chamoulle unha concelleira do BNG para pedirlle aclaracións sobre o dito naquela Comisión. A concelleira Rita María Couto Seijido di por alusións que o día da Comisión tiveron Pleno antes e chegaron 10 minutos máis tarde e non saben se nese tempo comentouse algo ao respecto. Preguntoulle a outra concelleira e díxolle que non se comentara nada e por iso dá por feito que foi así.

- A principios de ano a concellería de Promoción Económica fixo unha guía das actividades que ían facer as sociedades de Fene. Aos 2 ou 3 meses practicamente non coincide en nada o que se fai co que sinala a guía. Daquela o BNG criticou isto e díxoselles que non ían coincidir as actividades co sinalado na guía e agora o resultado vese que é de malo a moi malo.

Contéstalle o concelleiro de Facenda Juan José Franco Casal que di que xa respondeu ao respecto no anterior Pleno. Di que confeccionouse en base a previsións que foron facilitadas polas asociacións, de xeito na propia guía advírtese disto e que o Concello non é responsable dos cambios que se poidan producir.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que non so ocorreu coas actividades das sociedades senón que as propias actividades da Concellería de Promoción Económica tampouco coincidiron e por iso o preguntaron.

- Teñen solicitado unha documentación sobre os ingresos e gastos da Festa Mariñeira. Aproveita para pedir hoxe o custe do que se gastou en propaganda na mostra Ven a Fene! que se fixo nos últimos meses e canto se gastou na exposición que hai no Concello.

Contéstalle o concelleiro de Facenda Juan José Franco Casal que contestou a isto na Comisión na que estaba vostede presente. Pediron unha información que xa lla deu na Comisión, que foi un total dos gastos e semella que non lle valeu, non obstante díxolle que na vindeira Comisión lle facilitaría un informe máis detallado, se soubera que o quería para o Pleno llo daría antes. Respecto da mostra turística Ven a Fene!, os detalles que piden non llos facilitou porque lle dixo que o programa estaba recen rematado pero que lle daría máis adiante un informe detallado do que aconteceu en cada unha das sociedades e non hai ningún problema en dar actividades, prezos e demais.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que na propia acta da Comisión se pregunta polos ingresos e gastos da festa, e iso non se lles facilitou, por iso insisten.

- No anterior Pleno preguntaron o prazo de execución da obra da praza do Ameniral e contestóuselle que o prazo sería de 3 semanas. Como xa pasou un mes e aínda se están facendo obras, ¿cal é o motivo do atraso da obra?, ¿hai unha nova previsión para o remate da obra?.

Contesta a concelleira de Urbanismo Rocío Aurora Bértoa Puente que estas obras tiñan previsto facerse en 3 semanas, aínda que a empresa dispoñía dun prazo máis longo. Neste tempo a climatoloxía non acompañou e iniciadas as obras, encargáronse outras melloras na praza que non estaban incluídas na memoria, entre estas o cambio de todas as luminarias e o pintado da praza, que comezou o venres pero por mor da chuvia tiveron que parar. Tan axiña como mellore o tempo remataranse as obras.

- Tamén querían preguntar pola perda da subvención de igualdade da Xunta de Galicia pero esperarán a coñecer cal é a contestación, porque alguén terá que ser responsable da perda da subvención e tampouco é a primeira que se perde.

Contéstalle a concelleira de Servizos Sociais Juana Barro Couto que a técnica de Servizos Sociais non o fixo en tempo.

- Respecto da regularización catastral e ante a previsión de que se poida convocar un Pleno extraordinario para isto deixarían estas preguntas ata a súa realización. Non obstante pregunta, ¿cantas altas se deron no catastro dende o Concello dende o ano 2011?
Contéstalle o alcalde dicindo que neste momento non ten o dato das altas dende o ano 2011 pero llo facilitará sen ningún problema.

- Soubo polos xornais que a taxa da depuradora xa está aprobada en Ares e Mugardos, ¿cando se vai facer aquí?
Contéstalle o concelleiro de Facenda Juan José Franco Casal que este mes levarase á Comisión e espera que se leve ao seguinte Pleno.

- Coñecemos por algún veciño de Ares que se vai facer unha conexión á rede de abastecemento de Fene na zona de Limodre, ¿existe algún informe técnico que avalíe esta conexión?
Contéstalle o alcalde que no caso de Ares fíxose o mesmo que se fixo respecto da conexión de Mugardos na zona de San Juan que obtivo o permiso e instalouse o correspondente contador. No caso de Ares fíxose o mesmo trámite. Ares incluíu as obras de abastecemento no POS do ano pasado e solicitounos a conexión, hai informe do enxeñeiro e a tramitación foi idéntica cá que se fixo con Mugardos. Existe o informe e váiselle cobrar igual que se lle cobra a Mugardos, aínda que nos solicitou que se lle rebaixara o prezo da auga porque Fene, aos efectos do consumo, estao tratando como consumidor único e cóbralle por volume, por iso a factura é bastante importante e pensa que é un tema a estudar.

- ¿Ten o alcalde algunha información respecto do proxecto construtivo de eólicos en Astano?
Contéstalle o alcalde que só ten a información que saíu nos xornais. Pretendeu que lle informaran algo máis pero ninguén sabe nada.

- No mes de agosto aprobouse un convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Fene, Mugardos, Neda e Ares un plan de emprego que tiña o obxectivo de inclusión dun 35% dos traballadores que fan o curso, ¿estase conseguindo a día de hoxe esa porcentaxe de inclusión laboral?
Contéstalle o concelleiro de Facenda Juan José Franco Casal que aínda non ten o informe das porcentaxes que se deron pero espera telos para a vindeira Comisión de Facenda.

- ¿Fíxose algunha xestión coa Xunta de Galicia respecto da solicitude dun novo paso de peóns de Conces?
Contéstalle o concelleiro de Obras Alejandro Dopico Rodríguez que xa se fixeron todas as xestións para solicitalo.

- ¿Repúxose a sinalización da baixada de Magalofes preto da Rubber que se retirou cando se arranxou o firme?
Contéstalle o concelleiro de Obras Alejandro Dopico Rodríguez que colocarano nos vindeiros días.

- Roga unha maior transparencia nas cousas que se fan dende o Concello, ben sexa nos contratos, ben nas facturas que solicita a oposición, pois estase facendo cun escurantismo total, sen contar nin informar á oposición. Sería moi recomendable a transparencia que facilite á xestión e a actividade normal do Concello.

- Roga que se leven á Comisión as ordenanzas fiscais con máxima urxencia.

- Roga que se coordinen as escolas municipais para evitar queixas como as ocorridas recentemente entre os usuarios de zumba e ioga.

- Roga que se lles achegue, algo que xa ten pedido, o custe do Fenerock que a día de hoxe aínda non se lles achegou.

- Nota dende hai uns meses, unha falta total de atención e capacidade de traballo do goberno e pon como exemplo o que ocorre hoxe no Pleno, díxoselles que se ían incluír un punto de urxencia, que consta na carpeta do Pleno e non se introduciu, sen que a oposición saiba o porque. Roga que este tipo de actuacións teñan maior transparencia e un pouco máis de organización e atención.

Contéstalle o alcalde que segundo o dito por el sería precipitado, polo que o asunto levarase á Comisión e logo a un Pleno ordinario.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, dille que se lles dixo que se incluír o asunto e llo admitiron, polo que agora non entende porqué non vén.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Traslada as queixas que lle deron os propietarios das cafetarías da Praza Verde e tamén se queixan da proliferación de ratas na zona.

- Respecto dos eólicos que se van facer en Navantia ten información dos compañeiros de Ferrol, alí falouse do tema e rogaríalle ao alcalde que contactara co alcalde de Ferrol. Semella que non se vai proceder á construción de buques senón que se vai destinar toda a factoría ao tema de eólicos.

- En relación coas marquesiñas leva máis dun ano pedindo que se arranxe á de Centieiras xa que é unha marquesiña utilizada por nenos.

- Pediron a acta do Fenés do ano e lembra que aínda non se lles facilitou.

- No Pleno do mes pasado rogaron que a información sobre gastos que se piden constantemente se leven ás Comisións Informativas sen ter que estar pedindo constantemente esa información.

- ¿Ten algún custe o persoal que está a atender aos veciños respecto da regularización catastral? Contéstalle o alcalde que se lle contestará na Comisión.

- Levan moito tempo co tema da educación e preocupándose de que non haxa temas homófobos ou xenófobos e chámalle a atención que no ciclo de monólogos, así como no seu día non se fixo a exposición de Luís Davila por non ter un contido apropiado, haxa un monólogo o venres 28.11.2014 que ten como título "Sobre o desamor e outras mariconadas". Parécelle moi forte estar a traballar contra este tipo de termos e que está moi fóra de lugar este monólogo e pensa que non tiña que actuar.

Contéstalle o alcalde que debería ir ao monólogo e chamarlle a atención ao artista.

A concelleira de Cultura Rocío Aurora Bértoa Puente di que debería informarse de quen son os protagonistas que precisamente pola súa condición sexual fan unha parodia disto. Ás veces o problema non está en quen o fai senón en quen o entende.

A voceira do grupo mixto municipal María Carmen Martínez Rodríguez di que estase pelexando para que este tipo de historias e termos non sucedan e parécelle unha falla de respecto.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 19.32 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García